



BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 2 CONSERXES

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a presente convocatoria contratar a 2 conserxes, subvencionados/as pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das Bases Reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) para o ano 2017.

2.- CONDICIÓN

Duración do contrato: Ata o 31 de decembro de 2017.

O horario laboral será de 40 horas semanais (xornada completa).

Percibirá a cantidade mensual de 825,65 €uros brutos por tódolos conceptos, incluída a parte correspondente das pagas extraordinarias.

3.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

As persoas aspirantes serán remitidas pola Oficina de Emprego, logo de formular a preceptiva oferta, de acordo co establecido nas Bases indicadas da Deputación de Pontevedra. As persoas aspirantes deberán de figurar como demandantes na ocupación de " *Conserxe*" por ser o perfil que se entende que é máis acorde ao tipo de traballo que se vai desenvolver.

4.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorren á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.



5.- EXERCICIOS OBRIGATORIOS

As persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego presentaranse na Casa Consistorial, o día fixado ao efecto polo citado Organismo, co gallo de realizar unha proba que constará de dúas partes:

Parte teórica:

Consistirá en contestar oralmente a 3 preguntas curtas. As preguntas serán formuladas polos membros do tribunal e versarán sobre cuestións recollidas no temario que figura como anexo.

Parte práctica:

Consistirá en realizar as probas que determinen os membros do Tribunal sobre labores propias do posto, e á vista do temario que figura como anexo.

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición, serán cualificados de 0 a 10 puntos (a excepción da proba de galego) sendo necesario para aprobar cada un dos exercicios e acceder ó seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos. A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polas persoas aspirantes que fosen superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de aprobados establecerase de maior a menor puntuación.

6.- PROBA DE GALEGO

As persoas aspirantes que non realicen a proba teórica na lingua galega terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento ou presentar o correspondente certificado (Celga 2, iniciación, certificado de escola de idiomas ou equivalente).

A proba consistirá na realización dunha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

7.- PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS

Unha vez rematada a proba, o tribunal publicará a relación de persoas aptas, e de ser o caso unha lista de suplentes. As 2 persoas que consigan maior puntuación serán propostas ao presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis persoas que prazas convocadas.

Elaborarase unha lista de suplentes con todas as persoas aspirantes que superen as dúas partes do exercicio obrigatorio, por orde decrecente de puntuación. En caso de renuncia dalgunha persoa candidata, as persoas que estean nesta lista poderán ser chamadas ao longo da vixencia do contrato. De se producir un empate resolverase por sorteo.



ANEXO TEMARIO

- 1.- Constitución. Estructura
- 2.-O Municipio: concepto e elementos. Competencias do municipio. Servizos mínimos.
- 3.- A función pública local: clases de persoal funcionario
- 4.- Funcións e tarefas dos/as conserxes.
- 5.- Tipos de edificios e instalacións públicas.
- 6.-Actividades básicas de mantemento nos edificios e instalacións públicas.
- 7.-Tarefas de vixilancia, apertura e peche dos edificios públicos.
- 8.- Control de accesos aos edificios públicos.
- 9.-Medidas preventivas que deben adoptar os/as conserxes. Actuación en caso de accidente.
- 10.-Prevención de riscos laborais. Obrigas das persoas traballadoras. Equipos de protección individual.

A Estrada, 6 e abril de 2017

O ALCALDE

Asdo José C. López Campos